



PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS

EXPEDIENTE N.º: 2010/3008

OBXECTO DO CONTRATO: OBRA DE REFORMA DA AULA DE NÁUTICA NO CAMPUS DA CORUÑA-A MAESTRANZA

CENTRO DE GASTO: VICERREITORÍA DE INFRAESTRUTURAS E XESTIÓN AMBIENTAL

CENTRO/DEPARTAMENTO/SERVIZO: SERVIZO DE ARQUITECTURA E URBANISMO

CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS:

Ademais das contidas no proxecto básico e de execución da reforma da Aula de Náutica en canto á execución da obra, establécense tamén as seguintes condicións:

A empresa asistirá, cunha periodicidade mínima semanal, a reunións de control da execución da obra coa Dirección Facultativa.

Nesas reunións, a empresa adxudicataria presentará un informe, gráfico e escrito, sobre os traballos executados esa semana.

O dito informe comprenderá:

- Relación das unidades de obra executadas,
- Información fotográfica do proceso de construción das unidades de obra executadas, co detalle suficiente para poder advertir a calidade da construción e con especial atención ao rexistro de aquelas partes que posteriormente quedarán ocultas. Esta información debe estar correctamente referida á súa localización na obra, no modo que estableza a dirección facultativa.
- Fichas técnicas, certificacións, selos ou canto documento poda garantir a calidade dos materiais empregados nas unidades de obra executadas
- Informes de control de calidade pertinentes
- Relación, se procede, das empresas subcontratadas para a execución das unidades de obra mencionadas,
- Axuste do proceso de obra respecto á programación dos traballos mencionada no artigo 18 do prego de cláusulas administrativas para a contratación de obras da UDC.

Este informe terá que ser aprobado pola dirección facultativa, que o remitirá, coas observacións que considere oportunas, á propiedade. A súa entrega será obrigada para que a aprobación das certificacións mensuais.

VALOR ESTIMADO (IVE excluído): 462.510,00 €

IMPORTE IVE 18%: 83.251,80 €

ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (IVE incluído): 545.761,80 €

A Coruña, 2 de novembro de 2010

Roi Salgueiro Barrio

V. e pr.
A xerente

Mª Jesús Greña Barreiro